

LEVAMOS A ACTUALIDADE Á AULA

CACHAFEIRO CHAMOSA, LUIS CARLOS

IES Pontepedriña, Santiago de Compostela

1. Introducción

Unha forma interesante de captar a atención do alumnado e ligar a matemática educativa coa realidade externa á aula é a de aproveitar algúns contextos, non necesariamente de temática matemática, que sexan coñecidos e de actualidade. Recoñecemos que en xeral estes contextos son pouco empregados, sobre todo naquelas aulas nas que o profesorado segue o libro de texto dun xeito continuo sen amosar interese por incorporar á aula situacións próximas e de actualidade aínda que puideran ser de interese para o alumnado e de proveito na aula de matemática.

Continuando a nosa liña de amosar a utilidade das situacións realistas na aula, que xa levamos noutros congresos de ENCIGA (Cachafeiro, L. 2017) mostraremos exemplos de como recollemos e adaptamos algunhas situacións de actualidade nas nosas clases da materia de matemáticas.

2. Currículo, actualidade e libro de texto

Sen ser o currículo a única peza sobre a que asentar os contidos das nosas aulas, será a nosa principal guía nesa tarefa. Percibo certa idolatría polo currículo ao non valorar as contradicións entre as lexislacións e dentro do propio currículo, como comprobamos nas sucesivas leis que comezan xustificándose e cuestionando as anteriores. Nas disposicións xerais da LOMLOE inclúese "*Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega...*" o que entra en contradición co *Decreto de Plurilingüismo*, xa que para unha parte moi importante do alumnado este decreto imposibilita a expresión correcta en galego. O currículo incorpora orientacións metodolóxicas cando determina que: "*unha das funcións do currículo será a de indicarlles ás e aos docentes o que se pretende acadar e proporcionarlles pautas de acción e orientacións sobre como conseguilo.*"

Nos primeiros obxectivos da ESO de Matemáticas se inclúen: "*Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas....*" e "*a a análise das solucións obtidas na resolución dun problema potencia a reflexión crítica sobre a súa validez, tanto desde un punto de vista estritamente matemático como desde unha perspectiva global...*"

Cando aos temas de actualidade se lles pode visualizar unha parte matemática, o emprego na aula incidirá directamente na persecución deses obxectivos. Por iso debería aproveitarse a oportunidade para introducir unha perspectiva matemática nesas situacións. Unha das vantaxes que nos proporciona o conectar a matemática con esa realidade será unha motivación para a maioría do alumnado, coa posibilidade de que ademais traten o tema cos compañeiros e familiares. De seguiremos só o libro de texto, necesariamente uniforme, este non inclúe eses temas que xorden nun período espazo-temporal concretos. Ademais, os libros de texto actuais en poucos casos poden estimular a unha reflexión persoal e crítica para evitar ser a súa vez motivo de recriminación..

O emprego das novas dos xornais e dos erros que cometen é un xeito de levar esa actualidade á aula (González, P., 2023). Cando nas novas aparecen erros matemáticos, adoito resultado dunha confusión creada por certa deficiencia científica, temos un apoio na reflexión sobre a importancia do sentido crítico, con moi pouca xente que é quen de realizar unha lectura crítica dos xornais atopando contradicións numéricas. Parece instalada a crenza nas novas xornalísticas coma se

fosen textos científicos que pasan supervisións de especialistas. Eses erros tamén amosan como as deficiencias na formación matemática dos traballadores, neste caso xornalistas, producen erros na calidade do produto de traballo polo que supoñen unha mostra da importancia dunha formación matemática de calidade.

A temática medioambiental aparece reiteradamente no currículo e nos textos educativos. Porén, poucas veces observamos o fomento de iniciativas para corríxila nos propios centros educativos nin neses textos. No fondo semella que ese sentido crítico está moi desvalorizado, xa que non procura que os adolescentes actúen coma se fosen conscientes e críticos coa problemática do medio ambiente.

3. As nosas experiencias

Ademais dalgunha nova experiencia sobre o emprego de erros de xornais, trataremos temas como o das eleccións municipais expectativas e resultados e a chegada do galego ao Congreso dos deputados.

A páxina web www.meteogalicia.gal é unha interesante fonte de datos para a aula. Todos sentimos os efectos de chuvia, temperaturas mínima, media e máxima, etcétera. Neste caso presentamos unha táboa das temperaturas máximas dos primeiros 24 días de maio. Vedes algo sorprendente nos datos? Algúns alumnos, máis críticos e que reflexionan sobre a toma de datos, decátanse que o último dato é do mesmo día que se leva á aula, polo que a temperatura máxima á hora na que se recolleron os datos será claramente inferior a do resto.

As eleccións municipais do 28M foron dous días antes da clase con 3º de ESO. A primeira pregunta que lles fixemos foi: sorprendeu o resultado en Santiago de Compostela? Sabedes doutro resultado en Galiza que chamara a atención? A diferenza entre as enquisas e o resultado que aínda se fixo máis evidente nas eleccións do 23 X. Que explica esa diferenza (e os acertos que tamén se deben pór na balanza)? Porén a esta actualidade “xeral” había que engadir outra particular con relación a análise do libro de texto sobre mostraxes. Nunha suposta enquisa: *“Que ocorre se algúns non respoden á enquisa? ... A mostra está ben elixida e garda a proporción, porén as respostas non: os xoves responden practicamente todos, porén soamente o fan a metade dos medianos e apenas un 20% dos maiores. Esta gráfica pon en evidencia que os resultados da enquisa desfiguraron a inferencia que fagamos da realidade.”* (Colera, J. et. al. 2022 p.290).

Aquí está unha cuestión que considero clave e que esqueceu o libro. Semella que o que desfigura a inferencia é o baixo número de respostas en certos sectores de idade. Aquí confúndese a resposta a unha enquisa coa realidade da actuación do enquisado. E a actualidade daquel día na propia aula aínda nolo fixo máis evidente.

4. Conclusións

Nesta comunicación imos observar como podemos empregar a nosa praxe diaria para tratar na aula, desde o punto de vista matemático, temas que sexan de actualidade. Ademais imos visualizar nun caso práctico, como se chega a confusión de identificar a resposta (suposta), dada a unha enquisa coa práctica real efectiva, erro tan común que podemos ver que se coou no propio libro de texto.

5. Referencias

- Colera J., Oliveira M.J., Gaztelu I., Colera R., Aicardo A. *Matemáticas 3º ESO. Operación mundo*. ANAYA, Madrid, 2022.
- González Ogando, P. (2023) Uso didáctico de los errores en los medios de comunicación, *REVISTA SUMA* (103), 43-52.
- Cachafeiro Chamosa, L. C. (2017) Matemática e responsabilidade social. *Boletín das Ciencias* (84), 99-100.